## Pantalla inicial:




## Pantalla con menús despregados:




**Nota:** Nalgúns exercicios non aparecerán todos os menús ou iconas.

## Significado das iconas da zona de ferramentas:

- Mostra a cor activa.
- Dá información do exercicio.
- Carga imaxe no exercicio dende o ordenador.
- Crear unha captura en forma de imaxe do estado do exercicio.
- Reinicia o exercicio.
- Desfai o último feito.
- Refai o que se desfixo.
- Elimina obxecto ou borra.
- Colorea coa cor activa nese momento.
- Rechea zona da mesma cor coa cor activa.
- Insire ou edita texto
- Trae cara a arriba un obxecto

- Debuxo de liña a man alzada.
- Debuxo de liñas rectas.
- Rectángulo.
- Circunferencia e círculo.
- Debuxo de liña poligonal.
- Polígonos regulares.
- Punteado en spray
- Entrecruzado de liñas.
- Debuxa cadrados ao mover o rato.
- Mostra ou oculta a reixa de axuda.
- Copia unha cor da zona de traballo e faina activa.
- Voltea un obxecto horizontalmente.



Manda cara a atrás un obxecto.



Voltea un obxecto verticalmente.



Clona obxecto.



Bloquea o movemento e escalado dun obxecto.



Pon cor de fondo no deseño de camisetas.



Pon cor de fondo no deseño de coche.

**Gardar un traballo:**
•Debes dar ao botón:



•Abrirase unha ventá nova cunha captura do teu traballo.
•Fai clic co botón dereito do rato sobre a imaxe e no menú que se abre, selecciona "Gardar imaxe como... ".
•Aparecerá outra ventá na que podes indicar ao ordenador onde gardar o arquivo
• da imaxe e poñerlle o nome que queiras.

**Personalizar o traballo:**
En todos os exercicios podes poñer o teu nome, curso, etc... ou outros datos que queira o teu profesor. É conveniente facelo para que sempre se saiba cales son os teus traballos.

**Cargar imaxes dende o teu ordenador:**
•Debes dar ao botón:



•Busca na ventá que se abre o lugar onde está localizado o arquivo.
•Se estás a traballar cunha copia desta aplicación gardada no teu ordenador non te deixará cargar arquivos. Para poder facelo debes de utilizar a aplicación dende un servidor de Internet.

**Uso do zoom:**
Podes aumentar ou reducir o ámbito gráfico cos botóns + e - que encontrarás en cada exercicio práctico.
É mellor non utilizar o zoom dos navegadores xa que podería dar problemas nalgún dos exercicios.